



**Asemblea Nacional Constituinte da
nova organización do estudiantado galego
Organizando o estudiantado de hoxe
para a Galiza de mañá
A Coruña, 10 de Maio de 2008**

CALENDARIO DE CONSTITUCIÓN DA NOVA ORGANIZACIÓN DO ESTUDANTADO GALEGO

29 MARZO

Comité de enlace

- calendario
- regulamento
- teses

29 MARZO

Consellos Nacionais CAF-CAEF / CAE

- aprobación da proposta de calendario do comité de enlace e convocatoria do proceso constituínte

5 ABRIL

Reunión conxunta dos Consellos Nacionais CAF-CAEF / CAE

- aprobación da proposta de teses e regulamento
- envío das teses aos campus e comarcas
- aprobación do lugar e o lema da Asemblea

7-13 ABRIL

Prazo de lectura das teses

14-26 ABRIL

Prazo de realización das asembleas: debate dos textos, propostas para os Consellos Nacionais, propostas de nome para a nova organización.

26 ABRIL

Data última de envío das emendas, dos censos, das propostas para os consellos nacionais e das propostas de nome para a nova organización.

3 MAIO

Reunión conxunta dos Consellos Nacionais CAF-CAEF / CAE

- aprobación das teses e regulamento
- proposta de mesa que presidirá a Asemblea
- proposta de Consellos Nacionais
- proposta de nome

10 MAIO

Asemblea nacional constituínte

ORDE DO DÍA DA ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUÍNTE DA NOVA ORGANIZACIÓN DO ESTUDANTADO GALEGO

—Apertura

—Aprobación do horario da asemblea.

—Aprobación se procede da proposta de Mesa da Asemblea

—Debate e aprobación do Regulamento da Asemblea

—Debate e aprobación das Teses

—Elección do Consello Nacional de Universidade e do Consello Nacional de Ensino Medio

—Debate e aprobación do nome para a nova organización do estudantado galego

—Clausura

1 REGULAMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUÍNTE DA NOVA**3 ORGANIZACIÓN DO ESTUDANTADO GALEGO****5 DA PARTICIPACIÓN****7 Artigo 1**

8 Teñen dereito a participar da Asemblea Nacional Constituínte da nova organización do estudantado galego todas
9 e todos os membros dos Comités Abertos de Escola e Facultade e todos os membros dos Comités Abertos de
10 Estudantes que estiveren incluídos no censo de asembleístas que terá de ser remitido polas Asembleas de Cam-
11 pus, caso da universidade e as Asembleas Comarcais ou Locais, caso de ensino medio, antes do día 26 de Abril.
12 O prazo para a corrección de erros será até o 3 de Maio.

14 —Son membros dos CAF-CAEF toda e todos as/os estudantes universitarios que participaren da actividade da
15 organización e foren recoñecidas/os polo seu comité.

17 —Son membros dos CAE todas e todos as/os estudantes de ensino medio que participaren da actividade da
18 organización e foren recoñecidas/os pola mesma.

20 Artigo 2

21 Os asembleístas membros dos CAF-CAEF formarán o censo de universidade e os asembleístas membros dos
22 CAE formarán o censo de ensino medio.

24 Artigo 3

25 Como convidadas/os, sen voz nin voto, poderán asistir á Asemblea Nacional Constituínte todas aquelas persoas
26 que cada Asemblea de Campus (caso da universidade) ou Comarcal e Local (caso de ensino medio) acordaren.

28 DO PROCESO PRE-ASEMBLEAR**30 Artigo 4**

31 O Comité de Enlace funcionará como unha Comisión delegada dos consellos nacionais dos CAF-CAEF e dos
32 CAE para facer propostas, elaborar liñas de debate e aproximar posturas entre a organización universitaria e a de
33 ensino medio no proceso de unificación, en todo caso as súas propostas serán valoradas polos Consellos Nacionais
34 dos CAF-CAEF e dos CAE.

36 Artigo 5

37 Os membros do Comité de Enlace terán de ser membros do Consello Nacional dos CAF-CAEF ou do Consello
38 Nacional dos CAE e a súa composición será paritaria entre as organizacións.

40 Artigo 6

41 O Comité de Enlace elaborará unha proposta de orde de traballos do plenario da Asemblea Nacional Constituín-
42 te que, ratificada polos Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE, será debatida e aprobada pola maioría
43 do pleno da Asemblea Nacional Constituínte.

45 Artigo 7

46 O Comité de Enlace formulará un borrador de Teses que debatirá no propio Comité de Enlace e enviará aos Con-
47 sellos Nacionais dos CAF-CAEF e CAE que en sesión conxunta debaterán e finalmente aprobarán por maioría
48 de cada Consello Nacional unha proposta de Teses a Debate para a Asemblea Nacional Constituínte da nova
49 organización do estudantado galego. Caso de discrepancia cos textos que se aprobaren por parte dalgún membro
50 dos Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE, estes poderán presentar votos particulares asinados polos
51 apoiantes. Os votos particulares pasarán directamente a debaterse na Asemblea Nacional Constituínte.

1 **Artigo 8**

2 Os Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE, logo de aprobaren as Teses a Debate e incluíren os votos
3 particulares, se os houber, remitirás a todas as Asembleas de Campus (caso de universidade) e as Asembleas
4 Comarcais ou Locais (caso de ensino medio) para o seu debate nas mesmas.

5

6 **Artigo 9**

7 As Asembleas de de Campus (caso de universidade) e as Asembleas Comarcais e Locais (caso de ensino medio)
8 debaterán as Teses, podendo formular emendas parciais ou á totalidade. Para que unha emenda pase a debate na
9 Asemblea Nacional Constituínte precisará dunha votación favorábel dun mínimo do 30% dos votos emitidos na
10 Asemblea de de Campus (caso de universidade) ou na Asemblea Comarcal ou Local (caso de ensino medio). As
11 emendas que se presentaren nas Asembleas de de Campus (caso de universidade) e as Asembleas Comarcais e
12 Locais (caso de ensino medio) deberán ser entregadas ao moderador da Asemblea antes da celebración da mesma
13 a fin de se axilizar o debate.

14

15 **Artigo 10**

16 Os Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE, en sesión conxunta, debaterán as emendas chegadas dos
17 Campus e aprobarán ou rexeitarán cada emenda por maioría de membros de cada Consello Nacional, e poderán
18 propor transaccións entre Tese e emenda que serán debatidas na Asemblea Nacional Constituínte. No pleno da
19 Asemblea Nacional Constituínte facilitaráselles a todos os asembleístas as emendas nas que deberá figurar a súa
20 redacción orixinal, se foi aprobada ou rexeitada polos Consellos Nacionais e se for o caso a transacción que pro-
21 poñen os Consellos Nacionais.

22

23 **Artigo 11**

24 As persoas encargadas de defender as Teses no Pleno da Asemblea Nacional Constituínte serán designadas polos
25 Consellos Nacionais dos CAF e dos CAE.

26

27 **Artigo 12**

28 A Asemblea Nacional Constituínte funcionará en Pleno que será presidido pola Mesa da Asemblea, designada
29 polos Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE, ratificada pola Asemblea e co mesmo número de repre-
30 sentantes de cada organización. Caso de non ser ratificada abrirase un proceso para a elección da mesa. A Mesa
31 estará formada por un/ha Presidente/a, dous secretarios/as que tomarán acta da sesión e os defensores de cada
32 Tese; a súa composición será paritaria entre os CAF-CAEF e os CAE.

33

34 **Artigo 13**

35 Se as emendas non foren defendidas por ninguén, entenderanse decaídas.

36

37 **Artigo 14**

38 No debate de cada emenda abrirase unha quenda de defensa da emenda por parte do emendante e de defensa do
39 texto orixinal por parte da mesa, con posibilidade de abrir unha quenda de palabras de ser solicitada.

40

41 **Artigo 15**

42 A Mesa e o emendante poderán transaccionar emendas. Votaranse de igual xeito as dúas: primeiro a orixinal, caso
43 de manter alguén a emenda orixinal e despois a transaccional.

44

45 **Artigo 16**

46 Se unha emenda for aprobada, o seu texto substituirá o correspondente da Tese. Se todas foren rexeitadas apro-
47 barase o texto orixinal.

48

49 **Artigo 17**

50 Cada Tese someterase á decisión final do Pleno, que a aprobará ou rexeitará no seu conxunto nunha soa votación.

51

52 **Artigo 18**

53 O Pleno aprobará as propostas que atinxiren maioría simple, isto é, máis votos a prol que en contra.

1 Artigo 19

2 Os Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE saíntes formularanlle á Asemblea Nacional Constituínte
3 as propostas para conformaren os Consellos Nacionais de Universidade e de Ensino Medio entrantes, escollidos
4 de entre as propostas das Asembleas de Campus (caso da universidade) e Comarcais ou Locais (caso de ensino
5 medio) celebradas antes do 26 de abril. Ás persoas escollidas por lista uniránelles as/os Responsábeis de Campus
6 (caso da universidade) e as/os Responsábeis Comarcais e Locais (caso do Ensino medio). As propostas daraas a
7 coñecer a Mesa da Asemblea antes do inicio da votación.

8

9 Artigo 20

10 A elección dos Consellos Nacionais de Universidade e de Ensino Medio faranse por listas abertas e en voto
11 segredo.

12

13 —O censo de universidade escollerá ao Consello Nacional de Universidade. Poderase votar só como máximo o
14 70% do total de membros a elixir.

15

16 —O censo de ensino medio escollerá ao Consello Nacional de Ensino Medio. Poderase votar só como máximo
17 o 70% do total de membros a elixir.

18

19 Artigo 21

20 Os Consellos Nacionais dos CAF-CAEF e dos CAE saíntes formularanlle á Asemblea Nacional Constituínte a
21 proposta de nome para a nova organización do estudantado galego, escollido de entre as propostas das Asembleas de
22 Campus (caso da universidade) e Comarcais ou Locais (caso de ensino medio) celebradas antes do 26 de abril.

23

24 DO PROCESO POST-ASEMBLEAR

25

26 Artigo 22

27 Os Consellos Nacionais de Universidade e de Ensino Medio designarán de entre os seus membros aos que for-
28 marán parte do Consello Confederado da nova organización entre as/os cales estarán a/o Responsábel Nacional
29 Organización de Ensino Medio e o Responsábel Nacional Organización de Universidade.

30

31 Artigo 23

32 Os Consellos Nacionais saídos da Asemblea Nacional Constituínte terá de reunirse no prazo dun mes após a
33 celebración da mesma. Neste tempo as Asembleas de Campus (na universidade) e Comarcais e Locais (no ensino
34 medio) procederán a elixir as súas e os seus Responsábeis.

35

36 Disposición adicional

37 Os textos aprobados pola Asemblea Nacional Constituínte da nova organización serán publicados na súa páxina
38 web nun prazo máximo de dous meses despois da súa celebración, así como a súa publicación en formato de papel
39 até onde a situación económica o permitir.

40

41 Disposición derradeira

42 A Mesa da Asemblea Nacional é a facultada para interpretar o presente Regulamento en caso de dúbida ou
43 omisión.

44

45

46

47 VOTO PARTICULAR PRESENTADO POR MACIAS LÓPEZ IGREXAS

48

49 Regulamento páxina 3, Artigo 19

50 Os Consellos nacionais dos CAF e dos CAE recollerán as propostas formuladas polas Asembleas de Campus
51 (caso da universidade) e Comarcais ou Locais (caso de ensino medio) para conformar os Consellos Nacionais de
52 Universidade e Ensino Medio. A Mesa da Asemblea Nacional Constituínte presentaraas ao plenario ordenadas
53 alfabeticamente acompañando o campus, comarca ou localidade á que pertenceren.

TESE POLÍTICA

SITUACIÓN DO ENSINO NA GALIZA

As organizacións estudiantís nacionalistas temos analizado en múltiples ocasións a situación do ensino no noso país. O ensino en Galiza non responde aos intereses do pobo galego e de ningún xeito potencia o desenvolvemento social e económico da nosa nación por iso é o momento tamén de facermos un breve repaso dos feitos que aconteceron na historia política do ensino no noso País desde o inicio das reformas educativas co acceso do PSOE ao goberno do estado en 1982. Ao longo destes últimos trinta anos foron numerosas as reformas que afectaron ao ensino tanto medio como universitario e sen dúbida todas elas influiron na súa situación actual: no ensino medio a LODE, a LOXSE, a LOCE (que non se chega a aplicar) e a LOE; e no universitario a LRU, a LOU e a implantación e desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación Superior.

A respecto do ensino medio, as primeiras reformas educativas chegan coa aprobación da LODE (Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación, 1985) e da LOXSE (1990), pois até entón estivo vixente a LXE de 1970. Estas Leis formalmente significaban a democratización da xestión dos centros e a descentralización das competencias educativas ás Comunidades Autónomas e que na práctica non serviron para conectar a realidade da sociedade galega e o ensino, confirmaron a ensinanza de relixión e instauraron a dupla rede de centros públicos e privados-concertados creando unha rede paralela e elitista favorecendo intereses económicos e relixiosos (católicos). O Partido Popular aproveitou a maioría absoluta do seu segundo mandato para levar a cabo un fondo proceso de reformas estruturais do ensino público, ignorando a todas e todos os afectados e impondo reformas elitistas, privatizadoras e centralizadoras, a LOCE (Lei Orgánica de Calidade da Educación) invade as competencias das Comunidades Autónomas (exclusivas no que respecta ao ensino), homoxeniza o sistema de ensinanzas medias do Estado, empregando o fracaso escolar e a intención de corrixir os defectos da LOXSE como pretexto, promove a competitividade, elimina os trazos máis positivos da lexislación anterior e ignora o financiamento público.

Tras o cambio de goberno no estado paralizouse a aplicación da Lei e elaborouse unha nova, a LOE, que se mantivo nos parámetros da LOCE e non introduciu modificacións de fondo que resolvesen aos problemas do noso ensino: que arrastra unha escasa oferta educativa en todos os niveis, secundaria, bacharelato e Ciclos Formativos, que non dá cobertura á demanda social como tampouco atende á realidade das comarcas galegas e que non ofrece uns servizos complementares que garantan un acceso igualitario ao ensino (transporte, comedores...). Todas as reformas educativas confirmaron a privatización do ensino mantendo a dupla rede de centros de ensino, públicos e privados/concertados, sendo estes últimos unha auténtica rede discriminatoria e elitista, manténdose os concertos económicos coa rede privada que é amplamente subvencionada con cartos públicos, mentres que o ensino público se debilita. Segue a se fomentar e subvencionar o adoutramento relixioso (católico) no sistema educativo, co que este segue presente no horario e currículo escolar: lígase así o ensino a crenzas relixiosas (a católica) a pesar de vivirmos nun Estado aconfesional. A Formación Profesional Específica na Galiza adocece de prazas e titulacións suficientes para dar resposta á demanda social así como de planos de estudo adaptados á nosa realidade que provoca unha baixa inserción laboral na Galiza ademais de contaren cunha F.C.T (Formación no Centro de Traballo) obrigatoria e sen remuneración de entre 300 e 400 horas que moitas veces o que supón é unha situación de explotación encuberta.

O sistema de avaliación e verificación do desenvolvemento formativo do estudante, os exames, converten a aprendizaxe nun simple exercicio memorístico, sen ningún valor pedagóxico e cos que, pola súa xeneralidade, non permiten un afondamento nos coñecementos. O mantemento da Selectividade como proba para o acceso a universidade supón unha das perversións máis graves deste sistema de avaliación que conleva que unha vez verificados os coñecementos e obtido o título do Bacharelato a ou o estudante ten de se volver a expor a un exame sobre os coñecementos que xa ten superados e recoñecidos publicamente no seu título para poder acceder ao ensino superior. A existencia de limitación de prazas en moitas titulacións universitarias supón un atranco selectivo máis na carreira de obstáculos que é o acceso ao ensino superior provocando que moitos estudantes non poidan acceder á titulación que queren cursar por criterios académicos inxustos.

1 No que respecta á situación da nosa lingua, é evidente que esta se encontra nunha situación de diglosia cada vez
 2 máis acentuada con respecto ao español, é dicir, que esta como lingua prestixiada usurpa ámbitos e niveis de uso
 3 do galego. Un dos síntomas máis notábeis deste proceso é a estranxeirización da nosa lingua, maioritariamente
 4 nas zonas urbanas, que sen dúbida, fai que a mocidade non perciba e existencia deste conflito lingüístico. Para
 5 corrixir isto, o ensino ten que se converter nun dos alicerces da necesaria recuperación dos usos que lle son propios
 6 ao galego. Deste xeito, é contrastábel que a postura da cooficialidade ten como función perpetuar o proceso de
 7 destrución do galego, dando unha imaxe de igualdade entre as dúas linguas en conflito mais sen que se poña en
 8 xogo a predominancia do español no mundo da comunicación social e cultural de aí o incumprimento reiterado
 9 da lexislación sobre o galego no ensino e a conculcación dos dereitos lingüísticos que teñen provocado as mobili-
 10 zacións máis importantes no ensino medio dos últimos tempos e conseguido avances no papel que non se teñen
 11 efectuado na práctica, do que é un bo exemplo o Decreto 124/2007 de Galeguización do Ensino.

12
 13 Vivimos no ámbito universitario un continuo proceso de degradación da universidade como servizo público que
 14 vai desde a progresiva privatización dos servizos que non son estritamente académicos, á introdución de criterios
 15 de carácter económico ou mercantilista na xestión universitaria ou á introdución da empresa privada nos procesos
 16 de toma de decisións da universidade.

17
 18 A Lei de Reforma Universitaria (LRU) aprobada a principios dos 80 formalmente configuraba unha Univer-
 19 sidade democratizada mais, na realidade, non era o marco axeitado para a superación dos grandes problemas
 20 que padecía a universidade e supuxo máis ben a acentuación dalgún destes: a tendencia á semi-privatización
 21 que ao avivecer a selectividade económica cuestiona o carácter público da universidade, e a falla de conexión
 22 entre as necesidades reais da sociedade galega e a institución universitaria e a minguada contribución desta ao
 23 desenvolvemento científico-técnico, a reactivación económica e á normalización cultural de Galiza. Derivada
 24 da aprobación da LRU e da necesaria adaptación dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ao
 25 novo marco legal, os movementos localistas na Coruña e Vigo e o desleixo das equipas reitorais da USC polos
 26 Colexios Universitarios povocaron a segregación da universidade galega e a creación da Universidade da Coruña
 27 e de Vigo. Este proceso sempre o valoramos como moi negativo pois frustrou a articulación dunha universidade
 28 galega adaptada á realidade económica e social do noso país.

29
 30
 31
 32 O goberno central do Partido Popular promoveu a Lei Orgánica de Universidades (LOU) que agochaba unha
 33 das máis abafantes agresións dos últimos anos contra a universidade pública e que pese a supor unha clara in-
 34 vasión das súas competencias en ensino foi aceptada sumisamente pola Xunta da Galiza. Isto, sumado á falla de
 35 interlocución, iniciativa política, o fomento da interrelación do SUG en base á competitividade, a ausencia de
 36 planificación e coordinación en materia de ensino e a diminución do financiamento universitario foron os piares
 37 básicos da política educativa do PP na Xunta de Galiza durante 16 anos e que no esencial non ten mudado co
 38 acceso do PSOE á Consellaría de Educación en 2005.

39
 40 A LOU foi creada para servir de marco onde desenvolver a Declaración de Boloña, polo que continúa o espírito
 41 desta. Así, estamos ante unha reforma que promove a competitividade entre universidades derivada do Distrito
 42 Único que busca unha división entre universidades de primeira e segunda, que establece a entrada da empresa
 43 na universidade a través dos seus órganos de goberno e que crea unha proba de acceso persoal establecida en
 44 último tempo pola universidade que provocaría novos atrancos no acceso aos estudos universitarios, e que pola
 45 súa discrecionalidade podería primar cuestións máis económicas que académicas. Logo da volta do PSOE ao
 46 goberno do estado non se cumpriron as expectativas de derogación da LOU senón que a reformou, conservando
 47 os aspectos máis negativos

48
 49 da orixinal, agás no caso da proba de acceso persoal que si retirou, e introduciu algúns novos como o Consello de
 50 Estudantes, órgano destinado ao control da representación estudantil cun claro carácter amarelista.

51
 52 O proceso privatizador vese agravado pola creación do Espazo Europeo de Educación Superior que agocha
 53 detrás da equiparación de títulos e do aumento da calidade do ensino universitario unha forte mercantilización,

1 elitización e uniformización do sistema universitario a nivel europeo. O EEES nace dun acordo pechado entre
 2 os gobernos dos diferentes estados europeos co obxectivo de reducir obstáculos para o comercio internacional da
 3 educación superior. Galiza fica, unha vez máis, excluída da definición do modelo, da aprobación dos títulos e
 4 do control de calidade a pesar de contar con competencias exclusivas en educación, evidenciando que a falla de
 5 soberanía política da nosa nación impídenos definir un sistema educactivo verdadeiramente orientado cara ao
 6 desenvolvemento económico, social e cultural do noso pobo.

7
 8 A privatización da universidade leva aparelada unha maior participación do estudantado financiamento da mes-
 9 ma, é dicir, un aumento das taxas de matrícula que provoca un acceso desigual ao ensino superior. A política de
 10 bolsas é insuficiente e de ningún xeito dá resposta ás necesidades das e dos estudantes galegos, sendo xestionadas
 11 polo Estado español e non tendo en conta as nosas características socioeconómicas propias. Máis perverso aínda
 12 é o sistema de créditos brandos que está a se implantar, no que a administración financia a través dunha enti-
 13 dade bancaria un préstamo para realizares os estudos e que tes de os devolver unha vez finalices os teus estudos
 14 ou atopas o primeiro emprego: o que é duplamente nocivo xa que, por unha banda, a administración financia
 15 un préstamo a unha entidade bancaria privada e, por outra, o estudante endebedase para cursar estudos que lle
 16 garantan unha mellor ou máis rápida inserción laboral e non aquel que máis lle atraia ou para o que estea mellor
 17 capacitado.

18
 19 Os graos que se ofrecerán apartir da implantación do EEES presentan o problema de que, tendo un carácter
 20 xeralista (incluso as universidades poderán aumentar a troncalidade se así o desexaren), o seu valor vaise ver de-
 21 gradado, podendo producir unha peor integración dos titulados no mercado laboral. Ademais, as condicións de
 22 acceso entre o grao e o posgrao converteranse nunha nova selectividade de carácter elitista no terreo económico (o
 23 prezo destes posgraos) e discrecional no académico, xa que cada centro poderá fixar os criterios académicos para
 24 acceder aos posgraos ademais do número de prazas deste.

25
 26 O EEES establece un novo sistema de créditos que pasa de se basear no número de horas de aulas impartidas
 27 polo profesor á cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos, incluíndo
 28 clases teóricas, prácticas así como as horas de estudo. O problema está, non só en como obxectivar esa medida,
 29 diferente para cada persoa, senón en que o modelo de ensino máis individualizado e titorizado é inviábel cos ac-
 30 tuais recursos, tanto humanos como técnicos que se van ver sobrepasados totalmente xa que isto pretende facerse
 31 a financiamento cero. Traducindo isto ás súas consecuencias prácticas resulta que nos van exixir máis traballo con
 32 menos horas lectivas, o mesmo número de alumnos por profesor e os mesmos medios materiais. É dicir seremos
 33 estudantes a tempo completo o que nos dificultará compatibilizar o estudo con calquera actividade non académi-
 34 ca ou traballar ben para nos pagarmos os estudos ben para adquirirmos experiencia profesional.

35
 36 O cativo financiamento público co que contan as universidades galegas e a desastrosa xestión económica das
 37 sucesivas equipas reitorais durante moitos anos provocou unha crise nas tres universidades da que aínda se están
 38 a recuperar con éxito desigual. Mentres nalgúns estados europeos supérase amplamente o 2% do PIB adicado a
 39 financiamento universitario, no Estado Español invístese o 1% e na Galiza apenas chegamos os 0,8%, o que nun
 40 escenario de competencia a nivel europeo supón unha desvantaxe comparativa clara das nosas universidades. Alén
 41 disto, a universidade galega está moi lonxe de ser a universidade que o país precisa: adoce de planos de estudo
 42 adaptados á nosa realidade, de titulacións específicas que poidan contribuír a un desenvolvemento social e econó-
 43 mico de Galiza e a presenza da nosa lingua e cultura na docencia e na investigación é practicamente inexistente.

44 45 PRINCIPIOS POLÍTICOS E PROGRAMÁTICOS

46
 47 A práctica histórica do nacionalismo galego no ensino e, concretamente a experiencia das organizacións estu-
 48 dantís nacionalistas, amosan nidiamente a corrección da análise da necesidade da autoorganización do estu-
 49 dantado galego como parte do proceso colectivo de autoorganización do noso pobo para conseguirmos a súa
 50 liberación nacional e social. Asumimos, polo tanto, a nosa incardinación nun movemento político máis amplo
 51 que procura a autodeterminación do noso pobo, o movemento nacionalista galego, e a necesidade de traballar-
 52 mos conxuntamente co resto de organizacións nacionalistas e sermos unha peza máis na loita por unha Galiza
 53 ceibe e popular.

- 1 A nova organización estudantil recolle así a herdanza política-ideolóxica das organizacións estudantís naciona-
2 listas plasmada no obxectivo político dun ensino:
3
- 4 **GALEGO:** planificado desde Galiza e en función dos intereses do pobo galego. Inserido na realidade social e
5 cultural galega, e polo tanto cuns contidos orientados cara a transformación da nosa realidade socioeconómica e
6 a potenciación da cultura nacional galega. Consideramos de vital importancia a inversión do proceso de desga-
7 leguización do ensino, reivindicamos a adaptación dos currículos e da investigación ao noso país, reclamamos a
8 existencia de estudos especificamente relacionados coa nosa realidade e co desenvolvemento socioeconómico da
9 Galiza, defenderemos a estrita regulamentación do uso do galego para logramos a súa plena normalización.
10
- 11 **PÚBLICO:** financiado publicamente e suxeito a criterios que favorezan as maiorías sociais e as clases populares,
12 garantindo o acceso ao ensino en igualdade de condicións para todas as e os estudantes.
13
- 14 **DEMOCRÁTICO:** planificado en función dos intereses das maiorías sociais e con órganos de goberno verda-
15 deiramente democráticos nos que a presenza do estudantado teña unha incidencia real na toma de decisións.
16
- 17 **DE CALIDADE:** interdisciplinar e non memorístico que incorpore os avances da ciencia e da cultura, un ensino
18 crítico e científico que permita coñecer os distintos enfoques metodolóxicos e que permita a autoformación das
19 e dos estudantes.
20
- 21 **TÁBOA REIVINDICATIVA PARA O ENSINO MEDIO**
- 22 —Consideración do ensino non universitario como ciclo único educativo público, coeducativo, gratuíto e obri-
23 gatorio até os 18 anos, cuxos obxectivos deberían ser: por unha banda, dotar ao estudantado duns coñecementos
24 e capacidades básicas que o formen a partir do contexto e contorno máis próximo até outro, progresivamente,
25 máis universal, e por outra a especialización relativa en áreas de coñecemento teórico/prácticas que posibilitaren
26 a entrada do estudantado na universidade ou no mundo laboral.
27
- 28 —Integración dos centros privados e de carácter especial na rede única de ensino público.
29
- 30 —Un ensino laico, sen adoutramento relixioso.
31
- 32 —Gratuidade dos libros de texto en todos os niveis.
33
- 34 —Renovación dos actuais sistemas de avaliación e verificación do desenvolvemento formativo do estudante, que
35 suprima os actuais exames e pola reciclaxe do profesorado e o control da docencia.
36
- 37 —Acceso libre á universidade, supresión da selectividade e probas de acceso.
38
- 39 —Inclusión nos planos de estudo do papel das mulleres na historia, na cultura, na ciencia, e en todas as diferentes
40 áreas de coñecemento.
41
- 42 —Unha ampla oferta educativa (secundaria, bacharelatos e ciclos formativos) en base á realidade das comarcas
43 galegas, que dea cobertura á demanda social e que contribúa ao desenvolvemento económico e social da Galiza.
44
- 45 —Estabelecemento de axudas aos estudantes para os servizos complementarios (transporte, comedores...) que
46 posibilitaren o acceso maioritario ao ensino.
47
- 48 —Democratización dos órganos de goberno e xestión escolar, asegurando a representación estudantil paritaria
49 cos demais sectores en todos os niveis, incluído o Consello Escolar da Galiza e o recoñecemento dos dereitos
50 democráticos dos estudantes: realización de asembleas, folgas...
51
- 52 —Galeguización do ensino tanto como lingua vehicular como na adaptación do mesmo ás necesidades da nosa
53 nación.

1 —Prácticas remuneradas nas empresas para o estudantado de FP garantindo que non encubran unha situación
2 de explotación laboral.

3

4 **TÁBOA REIVINDICATIVA PARA O ENSINO SUPERIOR**

5 —Conxelación do prezo das taxas. Progresiva diminución da participación do estudantado no financiamento da
6 universidade encamiñada á eliminación das taxas de matrícula.

7

8 —Elaboración dun Plano de Financiamento para as universidades galegas que as dote dun financiamento sufi-
9 ciente non inferior ao 1,5 % do PIB de Galiza.

10

11 —Creación dunha bolsa galega de axuda ao estudo (grao, posgrao, cursos como o CAP ou MIR, segundas ca-
12 rreiras...) onde primen os criterios económicos sobre os académicos, se recoñezan as profesións especificamente
13 galegas, se incrementen tanto o número como a cuantía das bolsas, se adianten os prazos de concesión e paga-
14 mento evitando retrasos nos mesmos así como o mantemento do pago fraccionado caso de que a solicitude for
15 denegada.

16

17 —Creación de suficientes prazas de aloxamento público para estudantes universitarios nos sete campus galegos
18 que garanta cando menos acceso ao 15% dos estudantes matriculados nese campus.

19

20 —Representación do estudantado nos órganos de goberno das universidades que se corresponda co carácter
21 maioritario do mesmo.

22

23 —Cumprimento dos Planos de Normalización Lingüística e que todas as prazas de profesorado que se crearen
24 no SUG tiveren perfil lingüístico, isto é, condicionadas a que a súa docencia sexa en galego como único mecanis-
25 mo efectivo para o aumento da docencia en galego.

26

27 —Inclusión nos planos de estudo do papel das mulleres na historia, na cultura, na ciencia, e en todas as diferentes
28 áreas de coñecemento.

29

30 —Estruturación de títulos de grao de xeito que un graduado poida exercer sen necesidade de cursar un posgrao
31 ou mestrado. Así como a consecución dun mapa de gaos completo no noso país.

32

33 —Non obrigatoriedade de asistirmos ás aulas para sermos examinados, garantía de compatibilidade da vida es-
34 tudantil coa laboral.

35

36 —Eliminación dos límites de prazas nos graos e posgraos.

37

38 —Prácticas remuneradas nas empresas garantindo que non encubran unha situación de explotación laboral.

39

40 —Integración do Sistema Universitario Galego, impulsando o traballo coordinado e en rede das tres universida-
41 des que o compoñen procurando que funcione como unha única universidade pública galega.

42

43 —Conexión real das titulacións impartidas na Galiza coas necesidades do noso país para que o ensino superior
44 sexa motor real do desenvolvemento económico, social, político e cultural da nosa nación.

45

46 **O MOVEMENTO ESTUDANTIL GALEGO**

47

48 Na Galiza non se podería falar de Movemento Estudantil sen falar das organizacións estudantís nacionalistas,
49 pois foi o nacionalismo o que, partindo do principio de autoorganización do pobo galego na súa loita pola li-
50 beración nacional e social, impulsou e vertebrou organizacións estudantís propias que asumisen e canalizasen as
51 reivindicacións do estudantado galego. Xa no curso 72-73 nacía Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA),
52 unha organización de masas nacionalista, que aparecía co obxectivo de dinamizar o Movemento Estudantil e dota-
53 lo dunha dirección galega. ERGA é a primeira organización estudantil que adopta Galiza como marco exclusivo

1 de actuación superando dinámicas sucursalistas, que fai causa da nosa lingua e cultura como expresións da nosa
 2 identidade nacional, que aposta por organizar o conxunto do estudantado galego fronte ás concepcións elitistas e
 3 dirixistas da esquerda española e que é capaz de concretar unha alternativa baseada nun *ensino nacional, científico,*
 4 *democrático e popular* nunha extensa táboa reivindicativa.

5
 6 Foi tamén o nacionalismo, a través de ERGA, o que no ano 83, nun contexto de certo desencanto e desestruturación
 7 do movemento estudantil debido á frustración do proceso de ruptura democrática, impulsou a creación dos Comités
 8 Abertos de Facultade, plataformas plurais a nivel de centro que significaron un punto de inflexión no Movemento
 9 Estudantil Galego reactivándoo e logrando a confluencia do estudantado contra a Lei de Reforma Universitaria
 10 do PSOE. O éxito dos CAF remataría por os levar a ocupar o papel de ERGA unha vez que a súa consolidación
 11 organizativa e o reforzo do seu perfil nacionalista fixeron afuncional manter a duplicidade de estruturas.

12
 13 Do mesmo xeito, era o nacionalismo o que trasladaba esta fórmula organizativa aberta tamén ao ensino medio
 14 analizando daquela que este tiña as súas propias dinámicas e problemáticas concretas que facían precisa a súa
 15 propia organización estudantil. Constituíanse entón, no ano 1986, os Comités Abertos de Estudantes (CAE) que
 16 comezaban a súa andaina cun curso de fortes mobilizacións no ensino medio contra a reforma educativa (LODE)
 17 do goberno do PSOE.

18
 19 Estes cursos de andaina dos CAF e dos CAE polas aulas de Galiza teñen amosado o axeitado das análises teóricas
 20 do nacionalismo e a súa vixencia é indiscutíbel. Porén é evidente que o contexto do ensino, e da sociedade en xeral,
 21 ten mudado significativamente, o que ten afectado ao movemento estudantil. A reestruturación progresiva do en-
 22 sino, cunha maior carga lectiva e de traballo persoal, a regresión e endurecemento das condicións da accesibilidade
 23 e permanencia nos estudos e o sistema cada vez máis competitivo e individualista ten conlevado a diminución da
 24 implicación do estudantado fóra do estrictamente académico. Isto tense traducido nunha certa febleza das organi-
 25 zacións estudantís na universidade galega ao que hai que sumar a grande dificultade organizativa de manter unha
 26 organización autónoma actuante no ensino medio.

27
 28 Mais é obxectivo que superando todo tipo de concepción restrinxida e de minusvaloración, o estudantado galego
 29 segue a estar dotado dunha grande capacidade de loita e de mobilización e non só no referido á problemática
 30 concreta do ensino. Así o ten amosado reiteradamente nos últimos tempos: aí están os exemplos das mobiliza-
 31 cións contra a LOU e a LOCE, contra a invasión imperialista do Iraq e pola defensa da dignidade nacional
 32 coa plataforma Nunca Máis. Esta vitalidade e combatividade puntual non se ten traducido polo momento nun
 33 impulso significativo da autoorganización estudantíl.

34
 35 A organización nacionalista do estudantado de medias tivo un funcionamento irregular ao longo de toda a súa
 36 historia. Os CAE alternaron períodos cunha boa implantación territorial e grande capacidade de mobilización
 37 con outros de certa desestruturación debido á grande dificultade organizativa de manter unha organización autó-
 38 noma actuante no ensino medio. Pese a isto os CAE foron quen de dar cumprida resposta as reformas educativas
 39 impulsadas polos gobernos centrais e de desenvolver un gran traballo mobilizador polo uso do galego como
 40 lingua vehicular no ensino.

41
 42 Os CAF teñen mantido un funcionamento estábel e presenza, aínda que desigual, en todo o país ao longo destes
 43 anos sendo a única alternativa galega e reivindicativa fronte ás organizacións de prácticas amarelistas e prosistema
 44 e aos órganos corporativistas de representación estudantil, como as delegacións de estudantes na UdC e na Uni-
 45 versidade de Vigo. Así mesmo o traballo a nivel de centro e uns obxectivos concretos para a universidade galega
 46 ten dotado aos CAF de certa capacidade de mobilización e actuación.

47
 48 A nova organización do estudantado galego nace co obxectivo de impulsar e imprimirlle un novo ritmo ao mo-
 49 vemento estudantil galego, recollendo e asumindo a herdanza ideolóxica e práctica das organizacións estudantís
 50 nacionalistas e dando unha resposta conxunta e coordinada de todo o estudantado aos ataques ao ensino público
 51 do noso país. Unha organización reivindicativa, capaz de formular alternativas concretas e cunha presenza activa
 52 e visíbel nos centros de ensino. Unha organización que sexa, en resumo, unha ferramenta útil na defensa dos
 53 dereitos e intereses do estudantado galego.

TESE DE ORGANIZACIÓN

A NECESIDADE DUNHA NOVA ORGANIZACIÓN

O cambio continuo das condicións económicas, sociais e políticas do noso país obriga a unha revisión, actualización e posta a punto das organizacións que nel actúan, tanto desde o punto de vista estrutural como metodolóxico, é dicir, a adecuación da organización aos novos retos que se nos presentan nun contexto cada vez máis complexo.

Até o de agora, o movemento estudantil nacionalista nucleárase a través de dúas organizacións: *os Comités Abertos de Estudiantes* (CAE) actuante no ensino medio e os Comités Abertos de Escola e Facultade (CAF) no ensino universitario, que á súa vez eran herdeiras do traballo dos Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA).

Vermos en perspectiva estes 25 anos de andaina nas aulas da Galiza, estruturándonos deste xeito e actuando con voz propia na defensa dos dereitos e os intereses do estudantado en clave nacional, lévanos a concluír que se trata, sen dúbida, dun modelo axeitado, innovador e mesmo arriscado que se adapta no esencial ao principio de autoorganización do estudantado galego que sempre defendimos, así como á realidade do noso sistema educativo e á do noso país. Mais esta análise que facemos permítenos tamén evidenciar as eivas existentes e os problemas exóxenos e endóxenos cos que nos atopamos á hora de optimizar o noso traballo. O contexto adverso de ataques continuos ao ensino, a desestruturación e progresiva eliminación do tecido asociativo estudantil, así como a imposibilidade de manter unha organización forte e autónoma no ensino medio fannos a apostar pola creación dunha nova organización do estudantado galego que una ao estudantado de medias e ao universitario.


Unha mesma organización para todo o estudantado permitiranos defendermos conxuntamente un modelo de ensino público, de calidade e adaptado á realidade do noso país, mellorarmos a coordinación entre os dous ámbitos, facilitarmos a continuidade na organización dos membros no seu paso do ensino medio ao universitario tendo un maior coñecemento e relación cos organismos e cos demais membros e dotármolos dunha mellor infraestrutura aproveitando ao máximo os nosos recursos económicos e materiais.

UNHA ORGANIZACIÓN CONFEDERAL PARA OS DOUS ÁMBITOS DO ENSINO

A realidade do ensino universitario é ben distinta ao do ensino medio; son diferentes as súas problemáticas concretas, os seus organismos de representación institucional, a idade do estudantado, as súas posibilidades para reunirse e mesmo actuaren (na ESO por exemplo, o estudantado non pode –en teoría– abandonar o instituto para unirse a unha folga) a propia dinámica dos centros, o número de estudantes que acollen, a forma de levar a cabo as campañas (dificultade para pegaravisos e carteis nos institutos e para realizar actos) e sobre todo é diferente a forma de dirixirse a un estudantado tan dispar na idade (non podemos dirixirnos da mesma forma á mocidade adolescente que ao estudantado de último ano de carreira).

Por todo isto é necesaria unha estrutura confederal, dotando ao ámbito do ensino medio e universitario de candanseus organismos propios de decisión e execución, á vez que doutros organismos de coordinación conxuntos en que os dous ámbitos conflúan.

1 ESTRUCTURA DA NOVA ORGANIZACIÓN DO ESTUDANTADO GALEGO



26 **COMITÉS DE CENTRO:**

27 Son as estruturas básicas de participación e discusión e que constituén o eixo organizativo da *nova organización*
 28 *do estudiantado galego*.

30 Esta estrutura constitúena os membros da organización dun centro, ben universitario ou ben de ensino medio.
 31 Son membros da organización aquelas/es estudantes que foren recoñecidas/os coma tales polo comité.

33 Reuniranse coa periodicidade que establezan os membros mais sempre con regularidade e tendendo a se facer
 34 unha vez por semana, no propio centro e anunciándoo publicamente.

36 **Son funcións do comité de centro:**

37 — aplicar no seu ámbito a liña política, actividades e campañas emanadas da Asemblea Nacional, da asemblea
 38 comarcial ou local (no ensino medio), da asemblea de campus (na universidade) e do respectivo consello nacional
 39 (de universidade ou de ensino medio)

41 — discutir a política a aplicar pola organización no ámbito do seu centro, isto é, desenvolver as tarefas dentro
 42 das institucións do centro así como a política reivindicativa e cultural específica do mesmo, sempre e cando non
 43 entraren en contradición coas liñas marcadas polos órganos superiores.

45 — determinar a súa organización interna de acordo cos principios organizativos da organización. Os Comités de
 46 centros universitarios escollerán un/ha representante estábel no Consello de Campus.

48 **ASEMBLEAS DE CAMPUS (UNIVERSIDADE)**

49 A asemblea de campus é o máximo organismo de decisión do ámbito de cada campus.

51 Reunirase como mínimo unha vez ao mes. Será convocada pola propia asemblea de campus, pola responsabilidade
 52 de de campus ou polo consello de campus no caso de existir, debendo contar cunha orde do día que será trasmi-
 53 tida aos membros con antelación suficiente.

1 Son membros dunha asemblea de campus todos aqueles membros dos diferentes comités reñecidos pola Asem-
2 blea de dito campus.

3

4 **Son funcións da asemblea de campus:**

5 — aplicar no seu ámbito a liña política, actividades e campañas emanadas da Asemblea Nacional, do Consello
6 Nacional de universidade e do Consello Confederal.

7

8 — definir a liña política da organización no ámbito do campus sempre e cando non entrar en contradición co
9 punto anterior.

10

11 — elixir as responsabilidades de campus, finanzas e institucional.

12

13 — controlar a labor do consello de campus

14

15 — crear aquelas comisións ou responsabilidades persoais no consello de campus que estimaren precisas.

16

17 Ocasionalmente poderán ser convocadas, por acordo das diferentes asembleas de campus dunha mesma universi-
18 dade, asembleas de universidade, sendo estas competentes no marco de actuación que lles é propio.

19

20 **CONSELLO DE CAMPUS (UNIVERSIDADE)**

21 É o órgano de coordinación básico entre comités e o máximo órgano entre asembleas de campus.

22

23 Son membros natos do Consello de Campus, con voz e voto: as/os membros do Consello Nacional de Universi-
24 dade, un/ha representante estábel por cada Comité de Centro universitario e aquelas persoas que foren nomeadas
25 pola asemblea de campus para encargárense de responsabilidades individuais.

26

27 O Consello de Campus tenderá a xuntarse unha vez por semana, as súas reunións serán abertas e constarán dunha
28 orde do día.

29

30 **Son funcións do Consello de Campus:**

31 — executar a liña política, actividades e campañas emanadas da asemblea de campus.

32

33 — coordinar a actividade dos Comités de Centro

34

35 — todas aquelas que expresamente delegue nel a asemblea de campus.

36

37 **ASEMBLEAS LOCAIS E COMARCAIS DE ENSINO MEDIO**

38 A asemblea local é o máximo organismo de decisión do ámbito de cada localidade de ensino medio. Constituéna
39 as/os membros da organización dunha mesma localidade.

40

41 Reunirase como mínimo unha vez ao mes. Será convocada pola propia asemblea local ou pola responsabilidade
42 local, debendo contar cunha orde do día que será trasmitida aos membros con antelación suficiente.

43

44 **Son funcións da Asemblea Local de ensino medio:**

45 — aplicar no seu ámbito a liña política, actividades e campañas emanadas da Asemblea Nacional, do Consello
46 Nacional de ensino medio e do Consello Confederal.

47

48 — definir a liña política da organización no ámbito da localidade sempre e cando non entrar en contradición co
49 punto anterior.

50

51 — coordinar a actividade dos Comités de Centro

52

53 — elixir un responsábel local.

1 Do mesmo xeito existirán asembleas comarcais das que formarán parte as/os membros da organización dunha
2 mesma comarca.

3

4 **Son funcións da asemblea comarcal de ensino medio:**

5 — definir a liña política da organización no ámbito da comarca sempre e cando non entraren en contradición
6 coas liñas marcadas polos órganos superiores.

7

8 — coordinar a actividade das asembleas locais

9

10 — prestar apoio organizativo ás localidades máis febles

11

12 — elixir un responsábel comarcal, representante estábel no Consello Zonal

13

14 **CONSELLO ZONAL:**

15 O Consello Zonal é o órgano conxunto responsábel de coordinar na súa zona os dous ámbitos de ensino (uni-
16 versidade e ensino medio).

17

18 Reunirase a instancias da Asemblea de Campus ou de calquera das Asembleas Comarcais de ensino medio.

19

20 **Son funcións do Consello Zonal:**

21 — coordinar na zona o desenvolvemento das campañas e actividades, tanto nacionais como zonais que afectaren
22 por igual aos dous ámbitos do ensino.

23

24 — xestionar a infraestrutura e as finanzas da organización na zona. O responsábel de finanzas do campus cum-
25 prirá a mesma función no Consello Zonal.

26

27 **Son membros natos do Consello Zonal:**

28 —Ensinio Medio: responsábeis comarcais e membros do Consello Nacional de Ensino Medio

29

30 —Universidade: responsábel de campus, responsábel de finanzas e membros do Consello Nacional de Universi-
31 dade.

32

33 Dado que o número de membros natos de universidade e ensino medio no Consello Zonal non ten por que co-
34 incidir, escollerase no ámbito de menor número até igualar e conseguir unha composición paritaria. No caso de
35 ser o ámbito universitario escolleranse de entre a asemblea de campus e, no caso de ser ensino medio de entre as
36 asembleas comarcais proporcionalmente ao número de membros de cada unha delas.

37

38 Os consellos zonais dotaranse dunha comisión comarcal nas sete comarcas que abranguen campus universitario
39 coa función de coordinar en ditas comarcas as actividades e campañas que afectaren por igual aos dous ámbitos
40 do ensino.

41

42 **CONSELLO NACIONAL DE UNIVERSIDADE E CONSELLO NACIONAL DE ENSINO MEDIO**

43 Os Consellos Nacionais (de Universidade e de Ensino Medio) son os máximos órganos executivos entre asem-
44 bleas nacionais. Cada un deles é responsábel de efectivizar a liña política da organización no correspondente
45 sector (ensino medio e universidade)

46

47 *O Consello Nacional de Universidade* é un órgano colexiado composto polas/os resposábeis de campus e doce per-
48 soas electas polos membros da organización do ámbito da universidade presentes na Asemblea Nacional.

49

50 As xuntas do Consello Nacional serán convocadas pola/o Responsábel Nacional de Organización contarán cunha
51 orde do día que será transmitida aos membros do Consello Nacional cun prazo non inferior a 72 h.

52

53

1 **Son funcións do Consello Nacional de Universidade:**

2 — efectivizar a liña política da organización no ámbito da Universidade

3

4 — escoller, de entre os seus membros, á/ao responsábel nacional de organización de universidade, á responsabi-
5 dade institucional de universidade e á/ao secretaria/o.

6

7 — escoller a dous de entre os seus membros para formar parte do Consello Confederal ademais da/o responsábel
8 nacional de organización de universidade que será membro nato.

9

10 *O Consello Nacional de Ensino Medio* está composto polas/os responsábeis locais, as/os responsábeis comarcais e
11 sete persoas electas polos membros da organización do ámbito do ensino medio presentes na Asemblea Nacio-
12 nal.

13

14 As xuntas do Consello Nacional serán convocadas pola/o Responsábel Nacional de Organización contarán cunha
15 orde do día que será transmitida aos membros do Consello Nacional cun prazo non inferior a 72 h.

16

17 **Son funcións do Consello Nacional de Ensino Medio:**

18 — efectivizar a liña política da organización no ámbito do Ensino Medio

19

20 — escoller, de entre os seus membros, á/ao responsábel nacional de organización de ensino medio, á responsabi-
21 lidade de institucional de ensino medio e á/ao secretaria/o.

22

23 — escoller a dous de entre os seus membros para formaren parte do Consello Confederal ademais da/o respon-
24 sábel nacional de organización de ensino medio que será membro nato.

25

26 **Son funcións das Responsabilidades Nacionais de Organización:**

27 — convocar e moderar as xuntanzas dos respectivos Consellos Nacionais

28

29 — coordinar os traballos dos respectivos Consellos Nacionais

30

31 **CONSELLO CONFEDERAL:**

32 O Consello Confederal é o órgano conxunto responsábel da coordinación nacional dos dous ámbitos da organi-
33 zación.

34

35 **Son funcións do Consello Confederal:**

36 — efectivizar a liña política da organización en todo aquilo que afecte a todo o ensino por igual ou o trascenda.

37

38 — coordinar a actividade dos dous Consellos Nacionais.

39

40 — xestionar a infraestrutura e as finanzas da organización a nivel nacional

41

42 — escoller, de entre os seus membros, as seguintes responsabilidades individuais: finanzas, publicacións, interna-
43 cional e muller.

44

45 — convocar a asemblea nacional.

46

47 — exercer a máxima representación da Organización.

48

49 O Consello Confederal estará formado por 6 persoas en composición paritaria: 3 persoas de ensino medio e 3
50 de universidade. Son membros natos do Consello Confederal a responsabilidade nacional de organización de
51 ensino medio e a responsabilidade nacional de organización de universidade. Serán tamén membros do Consello
52 Confederal dúas persoas electas por cada un dos Consellos Nacionais de entre os seus membros.

53

1 O Consello Confederal reunirse a petición de un ou dos dous Consellos Nacionais. A convocatoria e a orde do
2 día serán acordadas polas/os Responsábeis Nacionais de Organización de ensino medio e de universidade e serán
3 transmitidas aos membros do Consello Confederal cun prazo non inferior a 72 h.

4

5 **ASEMBLEA NACIONAL:**

6 A Asemblea Nacional é o máximo órgano de decisión da organización e nela poden participar con voz e voto
7 todos os membros da organización.

8

9 Reúnese con carácter ordinario unha vez cada dous anos e con carácter extraordinario cando así o convocar o
10 Consello Confederal a petición de 2/3 dos seus membros.

11

12 **Son funcións da Asemblea Nacional:**

13 —definir os principios políticos e organizativos da organización

14

15 —elaborar e aprobar a liña política que orientará a actuación da organización entre Asembleas Nacionais. En ca-
16 da asemblea nacional debateranse, cando menos, unha tese de análise da situación e proposta de liña política por
17 cada un dos dous ámbitos de actuación, tese de ensino medio e teses de universidade, en cuxo debate participaran
18 con voz e voto só os membros da organización pertencentes ao correspondente ámbito.

19

20 —elixir os Consellos Nacionais así como controlar o seu traballo. Os Consellos Nacionais de Universidade e
21 Ensino Medio serán elixidos polos membros da organización do correspondente ámbito e serán necesariamente
22 pertencentes a dito sector.

23

24 —decidir sobre todas aquelas cuestións que como máximo órgano de decisión se lle puideren presentar.

25

26 **PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS**

27

28 1. **DEMOCRACIA:** a nova organización do estudantado galego adopta o principio de democracia como raíz
29 de toda a súa actuación. Consecuencia del é a participación activa de todas e todos os membros da organización.
30 Este principio non se pode entender restrinxido á toma de decisións en órganos asemblearios ou colexiados, ou
31 ao control que de ditas decisións se faga, senón que exige a participación nos acordos e nas actividades que deles
32 se derivaren pois democracia é tamén responsabilidade. A fluidez de información entre os distintos ámbitos e
33 órganos que compoñen a nosa organización garantirá o maior fundamento nas posicións a tomar e nas actua-
34 cións, así como maior amplitude e pluralidade nos debates. A democracia interna como principio reitor do noso
35 funcionamento, admite discrepancia interna e pública o respecto ás opinións minoritarias.

36

37 2. **ASEMBLEARISMO:** o funcionamento democrático da organización recae noutro principio básico como é
38 o asemblearismo, que se debe ligar á estrutura organizativa, na cal se establece o máximo órgano da nova orga-
39 nización do estudantado galego: a Asemblea Nacional, onde todos os membros teñen voz e voto, e que ten por
40 base os Comités e Asembleas.

41

42 3. **AUTONOMÍA:** na aplicación deste principio, diferéncianse dous planos. A creación por unha banda, dun
43 proxecto político propio independente de calquera institución, partido político ou calquera outra organización
44 allea á propia organización do estudantado galego, mais sempre na loita por un ensino publico, galego, demo-
45 crático e de calidade nunha Galiza soberana. E pola outra, a autonomía das unidades básicas de estruturación da
46 nova organización do estudantado galego á hora de definir e actuar no ámbito do seu centro, tanto para os temas,
47 cunhas competencias que lles sexa exclusiva, como para aplicación das liñas políticas emanadas dos organismos
48 superiores, garantindo así unha mellor adaptación da nova organización á realidade de cada centro. Porén, a súa
49 actuación estará condicionada polo respecto as liñas políticas que nos órganos superiores se tiveren elaborado.

50

51 4. **LIÑA UNICA:** a nova organización dotarase dunha liña única de traballo que orientará a súa actividade nos
52 organismos máximos da nova organización. A liña única será a plasmación das posicións maioritariamente asumida
53 pola organización sen prexuízo de que no proceso de definición o obxectivo inicial sexa a busca do consenso.

1 A liña única non exclúe a pluralidade, todas as posturas poderán ser definidas en todo momento dentro da nova
2 organización, garantíndose a discrepancia interna, excluindo os casos concretos en que isto implicar unha actua-
3 ción contraditoria ou imposibilitadora dos obxectivos maioritariamente definidos.

4

5 5. FLEXIBILIDADE: a estrutura organizativa, a toma de decisión e as nosas actuacións deben adaptarse ás
6 necesidades que en cada momento se determinaren e á realidade na que nos involucramos facendo da nosa
7 organización un verdadeiro instrumento de intervención social, áxil, dinámico e creativo. Flexibilidade é, en defi-
8 nitiva, a adaptación a situacións variábeis tanto internas como externas. Respectando as decisións adoptadas pola
9 Asemblea Nacional.

10

11 6. ORGANIZACIÓN NACIONAL: a nova organización ten de ser unha verdadeira organización de masas que
12 desenvolva a súa actividade en todo o territorio nacional. Para dar operatividade a este principio a organización
13 estrutúrase en sete zonas: A Coruña, Compostela, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo. Dentro de cada
14 zona a organización estrutúrase a través dos campus, na universidade, e a través das comarcas, no ensino medio.

15

16 7. APERTURA: A nova organización ten de ser necesariamente aberta e plural, para ser capaz de integrar a
17 todas e todos aqueles que loiten por un ensino galego, público, democrático e de calidade. Por iso o modelo de
18 participación nela ten de ser un modelo aberto, respondendo ao compromiso coa organización, que posibilite a
19 colaboración e integración das e dos que quixeren participar e que sexa capaz de ser o foro de debate dos proble-
20 mas do ensino en xeral e de cada centro en particular. Estes 25 anos constatan que un dos maiores acertos dos
21 CAF-CAE foi o seu carácter aberto e plural, posibilitando o traballo conxunto e que calquera estudante puidera
22 participar. Continuamos este principio organizativo, sendo tamén agora abertos a todo o estudantado, sen mili-
23 tantes nin socios, nin cotas económicas. Polo tanto, para ser membro da nova organización só se precisa compartir
24 o noso proxecto.

25

26 DEREITOS E DEBERES DAS/OS MEMBROS

27

28 Posto que a nosa organización é por definición aberta calquera estudante que así o desexar poderá formar parte
29 dela, mais participar dunha organización conleva asumir uns certos compromisos, isto é, uns determinados derei-
30 tos e deberes aplicábeis a toda/o membro que participe do proxecto colectivo.

31

32 SON DEREITOS DAS/OS MEMBROS

33 —Contribuír a definir a orientación e actuación da organización, participando en todos os debates que se dean
34 en todos as asembleas e organismos aos que pertenza.

35

36 —Elixir e ser electa/o para os diversas responsabilidades da Organización.

37

38 —Recibir formación e información por parte da Organización.

39

40 —Recibir axuda por parte da Organización, en caso de ter problemas derivados ou relacionados coa súa pertenza
41 á mesma.

42

43 SON DEBERES DAS/OS MEMBROS:

44 — Asistencia e participación activa en todos os foros de debate internos.

45

46 — Participación das actividades desenvolvidas pola organización.

47

48 — Defender e empregar en todos os ámbitos o idioma galego .

49

50 — Respectar os acordos da Organización.

51

52 — Cumprir co traballo acordado.

53

MODELO DE PRESENTACIÓN DE EMENDAS

PROCEDENCIA

Asemblea de campus:

Asemblea comarcal ou local:

APARTADO

Regulamento

Teses

TIPO DE EMENDA

Substitución

Supresión

Engadido

LOCALIZACIÓN

Páxina/s: liña/s:

Desde: até:

TEXTO